

**Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña para desenvolver unha bolsa de formación remunerada no Museo de Belas Artes da Coruña.**

27/10/2025

Dunha parte, D. José Carlos López Campos, actuando en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu cargo de conselleiro, para o cal foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra, D. Pedro Vasco Conde, como Presidente da Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña, en virtude do nomeamento realizado na reunión da Asemblea Xeral da Asociación do 14 de xaneiro do 2024 e con capacidade legal para a sinatura deste convenio, segundo os Estatutos da Asociación.

## **EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que a Xunta de Galicia ten atribuídas competencias en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19 do Estatuto de Autonomía, consonte co estipulado no artigo 148.1.17 da Constitución Española. Dentro deste ámbito de competencias, á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de acordo co Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e do patrimonio cultural para achegar o mellor posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

Do mesmo xeito, a consellería xestiona o Sistema Galego de Centros Museísticos, para integrar todos aqueles museos, coleccións museográficas e centros de interpretación que se atopan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, entre eles o Museo de Belas Artes da Coruña, museo de titularidade estatal e xestión autonómica.

Os museos, ademais da función conservadora, de recuperación ou de exhibición dunha parte fundamental do noso patrimonio cultural, xogan un importante papel científico e divulgador, intrinsecamente asociado á educación da sociedade, na idea de que este acceso posibilita chegar ao coñecemento da nosa propia identidade, nun momento no que a diversidade cultural marca este século e esixe unha protección axeitada.

**Segundo.-** Que a Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña, entidade sen ánimo de lucro, ten como obxectivos, segundo consta nos seus Estatutos Fundacionais, colaborar no cumprimento dos fins propios do Museo de Belas Artes da Coruña, de acordo cos obxectivos que para este tipo de institucións definen os organismos internacionais; promover e desenvolver todo tipo de actividades dirixidas a favorecer a interrelación entre a sociedade e o Museo de Belas Artes da Coruña e demandar das autoridades cooperación e axuda para unha maior promoción deste museo e do patrimonio artístico e museolóxico.

**Terceiro.-** A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro do seu ámbito de competencia, amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección, conservación e difusión do noso patrimonio cultural.

**Cuarto.-** Para tal efecto, e dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña, coñecedoras da importancia que ten a colaboración mutua en materia de conservación e protección do noso patrimonio cultural, subscriben o presente convenio conforme ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### **Artigo 1.** *Obxecto e finalidade*

1. O obxecto deste convenio é regular as bases da colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña para desenvolver unha bolsa de formación destinada a persoas

graduadas en Historia da Arte, Museoloxía, e Belas Artes nas dependencias do museo.

2. A bolsa, a cargo da Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña, terá carácter remunerado e estará destinada a actividades de formación relacionadas con todos os aspectos relativos ás tarefas de difusión e divulgación no Museo de Belas Artes da Coruña, especialmente na colección permanente, nas exposicións temporais do museo e nas técnicas de difusión das mesmas. A súa duración non será superior a nove meses nin inferior a seis.

3. A bolsa concederáse pola Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

*Artigo 2. Obrigas da Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña.*

Serán obrigas da Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña as seguintes:

1. Preparar e anunciar a convocatoria de selección da bolsa de formación, tendo en conta os principios sinalados no artigo 1.3.
2. Seleccionar á persoa bolseira e comunicar a selección ao Museo de Belas Artes da Coruña.
3. Asumir a dotación económica da bolsa.
4. Dar de alta e asumir o custo da cotización á seguridade social da persoa bolseira, en cumprimento do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participan en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, para os efectos da súa inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social.

4. Nomear unha persoa, dentro da Asociación, para asumir a tutoría da persoa bolsreira, a cal fará o seguimento do proceso de formación.

5. Elaborar un plan de formación para a persoa bolsreira en coordinación co Museo de Belas Artes da Coruña.

### *Artigo 3. Obrigas do Museo de Belas Artes.*

Serán obrigas do Museo de Belas Artes da Coruña as seguintes:

1. Nomear unha persoa do seu cadro de persoal técnico, que asumirá a labor de tutoría no centro e será responsable de aplicar o plan de formación, así como de elaborar os informes de valoración que lle sexan solicitados sobre a actividade desenvolvida pola persoa bolsreira.

2. Remitir á Asociación de Amigos, ao remate do proceso de formación, un informe individual sobre o grao de cumprimento do plan formativo e un certificado sobre o desenvolvemento da bolsa pola persoa bolsreira.

### *Artigo 4. Desenvolvemento da bolsa*

1. O horario de realización do plan formativo será determinado polo Museo de Belas Artes da Coruña.

2. Para a utilización do material e a información obtidos como resultado das actividades desenvolvidas durante a bolsa, a persoas bolsreira deberán contar coa autorización expresa e previa do Museo de Belas Artes da Coruña.

3. A persoa bolsreira ten dereito a ser avaliada no desenvolvemento da súa actividade, segundo o establecido no plan formativo, e a recibir polo Museo de Belas Artes da Coruña información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.

4. No caso de que a persoa bolsreira teña algún tipo de discapacidade, o Museo de Belas Artes deberá dispoñer dos recursos necesarios para a realización do plan formativo en igualdade de condicións e conciliar a realización deste coas

actividades e situacións persoais derivadas ou relacionadas coa súa situación de discapacidade.

5. A persoa bolsreira deberá realizar unha memoria final sobre a actividade desenvolvida, que entregará á persoa que asuma a súa titoría no Museo de Belas Artes da Coruña.

6. A persoa bolsreira poderá ser excluída do programa formativo se non cumpre coas actividades definidas no seu plan formativo ou coas directrices marcadas pola persoa técnica do Museo de Belas Artes da Coruña que asuma a súa titoría.

7. A persoa bolsreira non terá ningunha relación funcional nin laboral coa Xunta de Galicia, ficando excluída da lexislación laboral.

#### Artigo 5 Contido do plan formativo

O plan formativo no que se concretará a realización do programa das prácticas externas deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades que se vaian desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas, específicas e transversais que debe adquirir a persoa bolsreira. Así mesmo, os contidos definiranse de forma que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados.

#### Artigo 6. Limitación no desfrute da bolsa

Durante a vixencia deste convenio e no marco do seu desenvolvemento, a persoa que fose bolsreira nunha convocatoria non poderá presentarse a convocatorias posteriores.

#### Artigo 7. Seguro de responsabilidade civil

Calquera incidencia ou eventualidade que se poida producir durante o tempo de duración do programa de formación, tanto no relativo aos fondos, á terceiras persoas como á propia persoa bolsreira, incluídos os riscos de invalidez ou morte, terán que ser cubertos cunha póliza de seguro de responsabilidade civil a cargo da Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña

#### Artigo 8. Comisión de Seguemento.

Para o seguemento deste convenio constitúese unha Comisión de Seguimento formada por dúas persoas, representantes da Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes, e outras dúas persoas en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Esta comisión, que será presidida por unha persoa representante da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, resolverá as dúbidas que poidan xurdir sobre o cumprimento do convenio.

Os acordos adoptados pola Comisión de Seguimento serán de obrigado cumprimento.

#### Artigo 9. Xurisdición.

As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir. A Comisión de Seguimento estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na execución do convenio. As cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 10. Protección de datos.

As partes comprométense a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no resto da lexislación española aplicable nesta materia.

A persoa bolsreira que por razón das actividades formativas teña acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará, a persoa allea á entidade colaboradora, información da que tivera coñecemento, nin utilizará ou disporá dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións

formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematado o programa formativo, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á entidade colaboradora, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Por isto, a persoa bolsreira poderá asinar co Museo de Belas Artes da Coruña un documento no que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.

#### Artigo 11. Vixencia do convenio.

O convenio terá efectos dende a súa sinatura e a súa duración será de dous anos, podendo prorrogarse de forma expresa durante un máximo doutros dous anos, de común acordo polas partes, e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo con tres meses de antelación.

En todo caso, non se poderá rescindir mentres a persoa bolsreira desenvolva o programa de formación.

#### Artigo 12. Resolución do convenio.

Serán causas de resolución do convenio as previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, en particular:

- a) O transcurso do prazo de vixencia,
- b) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das obrigas e compromisos contidos no convenio, tras a reunión da Comisión de Seguimento.

A denuncia do convenio poderá ser realizada por calquera das partes, debendo comunicalo por escrito coa antelación establecida na cláusula undécima.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

Pola Consellería de Cultura, Lingua  
e Xuventude

Pola Asociación de Amigos do Museo de Belas  
Artes

José Carlos López Campos

Pedro Vasco Conde